

### CAMILLE CLAUDEL (1864-1943)

**OBRA:** *A idade madura ou O destino (L'Age mûr)*

**AUTOR:** *Camille Claudel*

**CRONOLOXÍA:** 1899

**ESTILO:** *Escultura de finais do século XIX. É unha das obras da etapa de madurez da autora, superada xa a etapa rodiniana ou impresionista e caracterizando o estilo máis persoal da autora que destaca por un expresionismo realista.*

**UBICACIÓN:** *Museo Rodin e Museo de Orsay (París)*

**DIMENSIÓNS:** 121 x 180 x 73



A arte do século XIX reflicte o proceso de cambio constante que supón o século, o triunfo do liberalismo, a revolución dos transportes, o aumento demográfico sobre todo nas cidades, a expansión colonial... Na segunda metade do século o centro artístico será París, centro creador das principais tendencias pictóricas, o Realismo, o Impresionismo, Neoimpresionismo, Simbolismo e o Postimpresionismo. **Na evolución dos novos estilos será fundamental o proceso de industrialización que permite incorporar novos materiais** como novos pigmentos e aglutinantes químicos, novas técnicas e materiais construtivos como o ferro e o aceiro, e **acabados e**

**combinación de distintos materiais na escultura, como o cristal e novos tratamentos químicos do bronce,** moi común no Modernismo e no que Claudel vai ser unha pioneira.

Camille Claudel foi unha escultora francesa formada nunha das poucas academias que admitían mulleres, a Academia Colarossi de París. O escultor Alfred Boucher, mestre na academia coñece a súa obra e ve similitudes do seu estilo co de Auguste Rodin, que a coñecerá cando tamén dea unha clase nesta academia e contará con ela desde entón no seu taller como modelo pero tamén como escultora.

Foi a única muller que formou parte do taller do escultor e colaborou con él en moitas das súas obras, tanto nos estudos preparatorios como na elaboración final das pezas. A influencia na obra dos dous artistas será recíproca, ata o punto de que hoxe sabemos que algunhas das ideas e mesmo das obras atribuídas a Rodin, foron en realidade de Camille Claudel.

**A primeira etapa da súa escultura pódese definir como “rodiniana”.** A partir de **1883 independízase do taller de Rodin**, tanto desde o punto de vista persoal (rompen a relación) como profesional, topándose coas dificultades que tería unha muller para triunfar no mercado da arte a finais do século XIX. Unha das súas frustracións máis importantes será ver que **non consegue vivir do seu traballo artístico**, sendo admirada polos artistas que recoñecían a calidade das súas obras pero non así polo público e parte da súa familia.

**A partir de 1893 vai engadir á súa obra influencias do Posimpresionismo e, en especial, do Expresionismo, en canto á expresión de emocións propias a través das súas obras, combinando mármore e bronce ou o cristal, buscando efectos decorativos modernistas.**

## DESCRIPCIÓN

Este conxunto escultórico é de vulto redondo, pensada para ser vista desde distintos puntos de vista. Componse de tres partes, constituídas polos personaxes e onde podemos observar a unha muller que intenta chegar a un home atrapado por unha meiga. A figura do home é acollida por unha muller de aspecto desagradable e gran cantidade de enrugas. Mentres o abraza, queda unha muller no chan implorante, separada do corpo principal, que intenta alcanzar ao home. A súa intención é alonxalo da meiga pero non o consegue, conseguindo así transmitir ese patetismo buscado.

## TEMA

Podemos considerar que esta obra **representa o destino.** O home, tras o paso do tempo, vai alonxándose da xuventude, representada pola muller xove implorante e deixándose levar pola madurez/vellez, personificada pola muller de peor aparencia. Se non coñeceramos a relación que mantiñan a artista e Rodin poderíamos interpretar esta obra seguindo as idades do home (tras madurar damos paso á vellez, abandoando a xuventude). Sen embargo, o home pode representar a Rodin (figura varonil que se separa de Claudel que está aos seus pés, co brazo estirado retrasando a súa marcha; a meiga sería Rose Beuret, a muller de Rodin, que supuxo un obstáculo entre os dous artistas, representada cun corpo decrepito e marchito). Por isto, esta obra está considerada como autobiográfica.

## ANÁLISE FORMAL

Esta obra commoveu a gran parte da sociedade francesa pola súa **perfección formal.** A **composición ten unha forma diagonal**, acentuada polas extremidades das figuras e os corpos que descenden caéndose. O tratamento do solo (soporte) está inacabado, transmitindo erosión (desgaste). As figuras transmiten paixón e

acción. É unha escea moi dinámica, captando o instante anterior á separación dos corpos e as vestimentas axitadas.

Todas as súas obras teñen ***unha gran forza expresiva*** que impactan no espectador. O seu estilo é propio aínda que remite, á vez, a unhas formas rodinianas ou donatellescas na forma realista do tratamento do corpo humano. A forma de representar o corpo humano é inaudita, consegue representar a beleza en sí mesma. Outras obras da última etapa da artista serán “***Clotho***” ou “***La gran ola***”.

#### **TRAZOS FUNDAMENTAIS DA ESCULTURA DE CLAUDEL**

- **Ruptura coa tradición academicista**, tanto nos temas como na execución das esculturas, característica que intensifica segundo avanza na súa obra.
- **Preocupación pola figura humana e pola representación anatómica e naturalista**. Fronte á obra de Rodin (rotundidade do volume e modelado das figuras), vai predominar a figura feminina e o un non idealizado, incluso a representación da idade avanzada, como sucede nunha figura desta obra.
- **Combina superficies rugosas que lle dan aspecto inacabado con outras pulidas**. Multiplica os planos e as composicións buscando o xogo dramático de luces e sombras, como influencia do impresionismo.
- **Gustos polos fragmentos (torsos, mans)** que serven de estudos preparatorios para as grandes obras pero aos que se lles dá tamén un valor estético e expresivo autónomos ata chegar a converterse en temas en sí mesmos.
- **Gusto polas figuras inacabadas**, buscando no bronce o efecto de non finito que Miguel Anxo utilizaba no mármore.





### **Conclusión**

As duras circunstancias da súa última etapa serán determinantes nas dificultades emocionais e psicolóxicas da artista, que vai destruír unha parte importante da súa obra, frustrada polo fracaso profesional. Foi ingresada nun hospital psiquiátrico en 1917 e alí non poderá volverá esculpir e non recuperará nunca a súa liberdade. Morrerá en 1943 e sendo enterrada nunha fosa común de xeito anónimo. Dende entón a dimensión da súa obra será case descoñecida, aínda contando co recoñecemento por parte do mundo artístico. O propio Rodin esixe que no seu museo se inclúa unha sala adicada a expor a obra conservada de Claudel.